

# AULAS MULTIGRAO

*Un modelo de organización enriquecedor*

# AULAS MULTIGRAO

*Un modelo  
de organización  
enriquecedor*



SERVICIO ESPAÑOL PARA LA  
INTERNACIONALIZACIÓN DE LA EDUCACIÓN



Erasmus+



CRA de Rianxo



# AULAS MULTIGRAO

*Un modelo de organización enriquecedor*

## **1** DIVERSIDADE PROMOTORA DE TOLERANCIA

As interaccións con nenos e nenas de diferentes capacidades, intereses e motivacións promoven as habilidades sociais e as relacións positivas, dándose menos problemas de conduta, á vez que o grupo constitúe un reflexo da sociedade diversa na que vivimos. O “diferente” asúmese como o “normal”.

## **2** RIQUEZA DE INTERACCIÓNS

A realidade é comprendida dende diferentes perspectivas desenvolvendo valores como a empatía, a axuda, a solidariedade e o desenvolvemento de situacións positivas de aprendizaxe.

## **3** COLABORACIÓN FRONTE A COMPETICIÓN

A estratexia colaboradora establécese como fundamento da aprendizaxe desbotando a competitividade e exclusión.

## **4** TITORIZACIÓN ENTRE IGUAIS

O alumnado que ensina e axuda aos seus compañeiros e compañeiras séntese útil e protagonista. Constitúense entre o alumnado “modelos naturais” de aprendizaxe e conduta.

## **5** RESPECTO AOS DIFERENTES RITMOS DE APRENDIZAXE

Os alumnos e as alumnas son conscientes das diferencias e características únicas de cada un en canto aos distintos ritmos e momentos de aprendizaxe.

## **6** FOMENTO DA AUTONOMÍA

O neno ou nena aprende a desenvolver o seu traballo dun xeito máis autónomo.

## **7** INTEGRACIÓN NATURAL DO NOVO ALUMNADO

Gran parte do alumnado xa ten adquirido o ritmo, funcionamento e dinámica da aula servindo de modelo e axuda para os alumnos e alumnas de nova incorporación, favorecendo así, a súa adaptación e facilitando a mesma.

## **8** REFORZO DE APRENDIZAXES E AMPLIACIÓN DE CONTIDOS

O alumnado recibe aprendizaxes dende distintos niveis de dificultade, tendo a posibilidade de poder regresar a coñecementos iniciais ou esquecidos e reafirmalos. Tamén teñen a posibilidade de achegarse aos contidos de cursos superiores antes de que lle corresponda. Trabállase en base a un currículo totalmente aberto e flexible.

## **9** CAMBIO GRADUAL DE CURSO OU ETAPA

Ao continuar na mesma aula o cambio de curso ou etapa favorece a adaptación do alumnado dun xeito gradual e equilibrado.